O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Paulo Ríos Santomé** e **Brais Ruanova Vilas-Boas** e das deputadas **Alexandra Fernández Gómez** e **Carmela González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o mantemento das bonificacións no transporte de ría e camiñar cara a titularidade pública deste servizo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo debe xogar un papel fundamental na Galiza do futuro. É necesario poñer o transporte público, tanto por estrada como por ferrocarril, ao servizo da pobo galego e ao servizo da vertebración do noso territorio nacional.

Hoxe entendemos os múltiples beneficios que ten gozar dun servizo de transporte público, reducir así o uso do transporte privado e, polo tanto, rebaixar as emisións de gases contaminantes axudando na loita contra o cambio climático.

Alén desta cuestión, o transporte público e unha mobilidade moderna, áxil e útil para o pobo galego debe ser vista coma un dereito e como un elemento vertebrador e democratizador da nosa sociedade.

Neste sentido, o transporte de ría tórnase central nas vilas e comarcas que dispoñen del, sendo unha modalidade de transporte máis áxil e que permite albergar un maior número de usuarios e usuarias por viaxe que o transporte por estrada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Exemplo disto son os datos que proporciona a Dirección Xeral de Mobilidade, que cifra nunhas 900.000 viaxes no transporte de ría entre Vigo e o Morrazo neste último ano.

Desde a posta en marcha das diferentes bonificacións no transporte público impulsadas polo goberno do estado e pola Xunta de Galiza, o transporte de ría vía reducido o seu billete nun 50%, cuestión que fixo desta modalidade unha das máis atractivas e accesibles.

É necesario que a Xunta de Galiza, que di apostar polo transporte público, manteña unhas bonificacións que asumiu de xeito individual no pasado e que virían a complementar outras bonificacións xa publicitadas como poden ser a Tarxeta Xente Nova ou a Tarxeta 65+.

Ante o carácter estratéxico deste servizo é necesario, alén de bonificar os billetes, camiñar cara a titularidade pública do transporte de ría e equiparala con outras modalidades de transporte interurbano, hoxe en mans da Xunta de Galiza no caso do transporte interurbano por estrada ou o transporte ferroviario en mans do estado español.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno Galego a:

1. Manter as bonificacións do 50% do billete no servizo de transporte de ría.
2. Realizar os estudos pertinentes para garantir un servizo público de transporte de ría.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2024

Asdo.: Paulo Ríos Santomé
Alexandra Fernández Gómez
Brais Ruanova Vilas-Boas
Carmela González Iglesias
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
Luis Bará Torres
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 09/12/2024 11:56:55

Alexandra Fernández Gómez na data 09/12/2024 12:03:27

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 09/12/2024 12:03:57

Carmela González Iglesias na data 09/12/2024 12:04:34

Luis Bará Torres na data 09/12/2024 12:04:48





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús María Fernández Rosende, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Patricia García González, Paula Mouzo Más, Pablo Prieto Perille, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

Exposición de Motivos:

A poboación está a deixar de consumir peixe. En España, a tendencia dos últimos anos é de un continuo descenso que xa fixo saltar as alarmas.

Esta inquietude afecta, non só aos ingresos de toda a cadea de produción, senón que tamén ten consecuencias no abandono da dieta saudable.

O aforro e o recorte de gastos que tiveron que facer os consumidores como consecuencia da inflación e da subida dos prezos, trouxo como consecuencia que nos últimos anos se reduciu o consumo de peixe.

Tamén os novos hábitos de vida e alimentarios axudaron a que en España se producira nos últimos anos un descenso, mantido e constante, do consumo de peixe.

Os expertos recomendan consumir tres veces á semana pescado. Con todo, debido a esta situación, os españois substituíron este produto por outros bens e, quen o segue comprando, nota que con máis diñeiro compra menos cantidade.

O sector da pesca, o marisqueo e a acuicultura é un dos piares fundamentais da economía en Galicia, xerando emprego e riqueza e asegurando un produto de calidade recoñecido a nivel nacional e internacional.

Con todo, o sector está a enfrontar unha situación crítica debido á drástica caída de vendas, tanto no canle HORECA (Hostalería, Restauración e Cátering) como na gran distribución.

Factores como o impacto económico derivado de diversas crises, cambios nos hábitos de consumo, competencia no mercado e a volatilidade de prezos, provocaron unha





redución das vendas ata niveis históricos, poñendo en perigo a sustentabilidade das actividades pesqueiras e marisqueiras, así como da acuicultura.

Ante esta situación, é imprescindible que se adopten medidas que fomenten e potencien a promoción e consumo dos produtos do mar. Unha campaña sólida de comunicación e promoción, apoiada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, contribuiría a sensibilizar á poboación sobre a calidade e o valor nutricional dos produtos pesqueiros e acuícolas do noso país, reforzando a súa posición no mercado e estimulando a demanda.

Unha campaña que tamén teña en conta a promoción do consumo de peixe na poboación infantil e nos comedores escolares, que debe enfocarse no equilibrio entre a seguridade alimentaria e o acceso ao peixe, xerando confianza e motivando ás familias e ás escolas para incluílo como unha parte esencial da dieta infantil.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse a Secretaría Xeral de Pesca do Goberno de España para:

- Diseñar e implementar unha campaña nacional específica de promoción dos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura españois, con especial foco en resaltar a calidade, frescura, sustentabilidade e beneficios nutricionais destes produtos.
- Fomentar alianzas co sector HORECA (Hostalería, Restauración e Cátering) e coas cadeas de distribución para reforzar a visibilidade dos produtos pesqueiros nos seus puntos de venda, restaurantes e hoteis, destacando a súa orixe e beneficios.
- Impulsar campañas de comunicación en medios masivos (televisión, radio, prensa e internet), redes sociais e outras plataformas dixitais, con mensaxes adaptadas a diferentes públicos, que destaquen a importancia de consumir produtos do mar e contribúan á súa valorización”.





Santiago de Compostela, 9 de decembro 2024.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 09/12/2024 13:54:59

Miguel Fidalgo Iglesias na data 09/12/2024 13:55:18

María Deza Martínez na data 09/12/2024 13:55:30

Paula Mouzo Mas na data 09/12/2024 13:55:41

Dolores Hermelo Piñeiro na data 09/12/2024 13:55:56

Manuel Santos Costa na data 09/12/2024 13:57:44

Pablo Prieto Perille na data 09/12/2024 13:57:51

Jesús María Fernández Rosende na data 09/12/2024 13:58:00

Patricia García González na data 09/12/2024 13:58:14

Raúl Santamaría González na data 09/12/2024 13:58:33

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Jose Luis Ferro Iglesias, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

O pasado 19 de xaneiro, xa hai máis dun ano, a Xunta de Galicia dirixiuse ao *Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico* para pedirlle que iniciara, no marco das súas competencias exclusivas en materia de contaminación mariña, e tendo en conta que non o fixera de oficio, un procedemento de esixencia de responsabilidade medioambiental por danos ao dominio público marítimo-terrestre polo incidente provocado pola vertedura de pellets do buque Toconao.

En concreto, solicitouse ao Goberno Central que esixira aos responsables dos danos, a responsabilidade medioambiental na que incorreran e, en particular que: identificaran aos suxeitos responsables; avaliaran os danos medioambientais producidos; no seu caso, que se definiran as medidas de prevención ou de evitación de novos danos que se deberan adoptar; a definición das medidas de reparación que se deberan adoptar; e o establecemento da contía e obrigas de pago das medidas adoptadas e executadas polas autoridades autonómicas e locais, co obxecto de recuperar os costes nos que tiveran incorrido.

O *Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico* contestou á solicitude da Xunta de Galicia en data 6 de marzo de 2024, informándolle de que sería o *Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible* e, particularmente, a *Dirección General de Marina Mercante*, o órgano que se encargaría de tramitar a reclamación de responsabilidade ao causante da contaminación, en aplicación da Lei 14/2014, de 24 de xullo, de Navegación Marítima.

O 26 de marzo de 2024, o *Director General de la Marina Mercante* dirixiu un escrito á entón vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia informando da iniciación dun procedemento para esixir a responsabilidade civil (que non medioambiental) derivada dos danos ocasionados pola vertedura do buque “Toconao”.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Como se pode ver, o Ministerio para Transición Ecolóxica non iniciou o procedemento solicitado, para a esixencia da responsabilidade ambiental, relegando este incidente a unha reclamación meramente civil regulada na lei de navegación marítima, por tanto o Ministerio decidiu non investigar os posibles danos ambientais producidos polo vertido e os seus responsables.

Nos últimos días, a través de informacións en prensa e por información nunha resposta parlamentaria a Sumar, temos noticia oficiosa de que o Goberno central tramitou a recollida de datos sobre a contía global dos danos reclamados e o seu desglose coas facturas correspondentes; de forma que foron enviados ao representante do armador para que presentase alegacións.

Ante esta evidente falta de resposta, a Xunta decidiu actuar e, como explicou recentemente a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, a Xunta está a traballar en dúas vías.

Por unha banda, está preparando un recurso de alzada para interpor fronte o silencio do Estado coa finalidade de que o *Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico* determine finalmente a existencia ou non de dano medioambiental.

E, doutra parte, estase a traballar nunha solución extraxudicial cos responsables do vertido. Neste senso, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático atópase en negociacións coa armadora e a aseguradora para recuperar por vía extraxudicial os custos nos que incorreu: porque a Xunta destinou máis de dous millóns de euros en facer fronte a esta emerxencia, mobilizando medios aéreos, marítimos e terrestres e cun dispositivo de limpeza das praias que chegou a sumar máis de 400 persoas.

Sorpréndenos o inmovilismo que está a mostrar o Goberno Central neste asunto, porque este tipo de episodios deben servírnos para aprender e avanzar a nivel europeo no deseño de normativas que garantan a seguridade marítima e o coidado do medio ambiente. Por iso, desde este grupo parlamentario apoiaremos o endurecemento á normativa que afecta ao transporte marítimo para intentar atallar este tipo de incidentes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar ao Goberno Central o inicio da tramitación do expediente relativo á reclamación da responsabilidade ambiental a causa da vertedura de pellets do buque Toconao”.

Santiago de Compostela, 9 de decembro 2024.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 09/12/2024 14:09:01

Gonzalo Trenor López na data 09/12/2024 14:09:24

Carmen Pomar Tojo na data 09/12/2024 14:09:35

Rubén Lorenzo Gómez na data 09/12/2024 14:09:54

Argimiro Marnotes Fernández na data 09/12/2024 14:10:08

Katherinie Varela Fernández na data 09/12/2024 14:10:20

Roberto Rodríguez Martínez na data 09/12/2024 14:10:32

María Deza Martínez na data 09/12/2024 14:10:51

José Luis Ferro Iglesias na data 09/12/2024 14:11:02

Cristina Campero Dorado na data 09/12/2024 14:11:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Cristina Fernández Davila, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a necesidade de dotar de seguridade viaria para vehículos e peóns a estrada autonómica PO-252 entre Mondariz e Moscoso.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada autonómica PO-252 une os concellos de Mondariz e Pazos de Borbén, en concreto ata a parroquia de Moscoso. 9 kms que conecta barrios e parroquias de Mondariz como: Toutón, Festín, Fornelos de Montes, Freaza, A Carballeira de Festín, Portacurbo, Gargamala, A Rúa, Frades, A Cambra, Mourelle, a Ponte sobre o regueiro Machado, Riofrío, Arnela, San Miguel, Praia fluvial do Val e Ponte do Val.

Esta estrada da Xunta fai conexión ademais con outros viais provinciais como: PO-9202 (Mondariz-Toutón), EP-4301 (Riofrío-Borbén) ou con estradas municipais que levan a moitos dos barrios enumerados. Incluso con outras estradas autonómicas como: PO-261 entre Mondariz e O Covelo ou a PO-250 entre Redondela e Ponte Caldelas.

Os Barrios e parroquias polos que discorre a PO-252, chea de curvas e carente de beirarrúa en todo o seu percorrido está actualmente moi deteriorada nos 9 km nos que atravesa o territorio de Mondariz, con falta de mantemento en moitos anos e precisando unha nova capa de rodadura que debера ser implementada dun maior ancho





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para poder dotar, ao seu paso polos distintos lugares poboados, dunha senda que posibiliba a mobilidade a pé, con seguridade, da veciñanza que se move para facer actividade física, así como realizar a súa vida cotiá no seu barrio ou parroquia. Deste xeito evitárase o risco de accidentes de tráfico e atropelos.

Este vial deba estar dotado tamén doutros elementos que protexan a vida das persoas que transitan a pé como son pasos de peóns, mellora iluminación en zonas poboadas, etc.

Unha zona que require un estudo máis profundo sería entre o km. 0,400 e o 1 dende a Ponte do Val ata Mondariz de xeito que se analice a necesidade urxente de dotar de muros de contención para que non se produzan desprendementos da estrada cara os valados das fincas colindantes. Este tramo en concreto precisa dunha senda peonil para enlazar a vila coa área recreativa e a praia fluvial do Val. Un percorrido moi transitado a pé pola veciñanza da vila na época estival.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta ao goberno da Xunta de Galiza a:

1.- Elaborar e executar un proxecto que dote de seguridade viaria e peonil a estrada autonómica PO-252 ao seu paso polo por distintos barrios e parroquias do concello de Mondariz nas súas marxes, no seu percorrido cara a Moscoso.

2.- Facilitar unha mobilidade segura ás persoas que se trasladan a pé para ir a outras vivendas, servizos públicos e privados, ata a vila ou para coller o autobús escolar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Incorporar nese proxecto melloras no vial como iluminación, novos pasos de peóns, de beiravías e sendas, etc.

4.- Valorar modificar o límite de velocidade nas zonas de núcleos de vivendas ou implementar maior número de controis de velocidade, así como outras medidas con esta finalidade.

5.- Compartir este proxecto e as distintas solucións existentes a través dun proceso de participación no concello coa Corporación Municipal e coas distintas asociacións parroquiais e colectivos veciñais.

6.- Planificar e temporizar as distintas fases deste proxecto, debendo asumirse como urxente o tramo entre o km 0,400 e 1, por estar a estrada afundíndose cara os valados das fincas colindantes, precisando construír canto antes os muros de contención precisos.”

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 09/12/2024 17:15:12

Paulo Ríos Santomé na data 09/12/2024 17:15:15

Cristina Fernández Davila na data 09/12/2024 17:15:23





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Carmen Rodríguez Dacosta**, **María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A consellería de emprego vén de anunciar que nos próximos días os puntos de información do Servicio Público de Emprego de Galicia, van a ser retirados tras case vinte anos en funcionamento.

Son máis de cen concellos os que dispoñen deste medio para que as persoas desempregadas non teñan que desprazarse ás oficinas de emprego co trastorno que isto significa na zona rural.

Tamén serán retirados os puntos de información situados nas oficinas de emprego repartidos pola Comunidade Autónoma, que permitían máis axilidade na renovación da tarxeta de desempregado.

A entrada en servizo destes puntos de información tivo lugar baixo o Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño e supuxo un enorme avance para as persoas demandantes de emprego, principalmente aquelas que residen en contornos rurais ou teñen dificultades de mobilidade e que ata entón se vían obrigados a desprazarse ata a oficina de emprego que teñen asignada para completar calquera trámite.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2024 10:52:24
Nº Rexistro: 15383
Data envío: 10/12/2024 10:52:24.800

Unha vez que se realice o itinerario a Xunta de Galicia ten a obriga de derivar o desempregado os cursos adecuados o seu perfil e que se adecúen as necesidades do mercado laboral . Estas obrigas non se cumpren polo Goberno galego.

En conclusión, no lle importa a Xunta de Galicia dar os instrumentos establecidos na Lei de emprego, nin da actual, nin da anterior, nin facilitar os trámites os que están obrigados os desempregados o que lle ocupa e lle preocupou sempre é manipular e adelgazar as listas de emprego, para dar unha visión do mercado laboral galego ficticio e por elo a supresión dos puntos de información do servizo de emprego de Galicia

Por ilo, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que manteña en funcionamento os puntos de información do servizo galego de emprego instalados nos concellos e nas oficinas de emprego co fin de facilitar os demandantes de emprego a realización dos preceptivos tramites os que están obrigados os desempregados e desempregadas así como proceda a arranxar aqueles que se teñan problemas de funcionamento.

Santiago de Compostela, a 10 de decembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/12/2024 10:44:11

Elena Espinosa Mangana na data 10/12/2024 10:44:20

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

53194

@PSdeG



CSV: B6P1STRDQ2ZmE1XGpZ-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2024 10:52:24
Nº Rexistro: 15383
Data envío: 10/12/2024 10:52:24.800

Silvia Longueira Castro na data 10/12/2024 10:44:30

José Ramón Gómez Besteiro na data 10/12/2024 10:44:39

CSV: B6P5TRBQ3Zm6a1XgP2-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

53195

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Iago Suárez Fernández**, **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o illamento de varias vivendas en Pantón por mor das obras de Adif.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No concello de Pantón, máis concretamente no núcleo de poboación de San Estevo do Sil, a veciñanza vén de mostrar a súa indignación por causa das obras levadas a cabo por parte de Adif que deixan illadas varias vivendas. San Estevo do Sil é un núcleo dividido polo paso da vía Lugo-Ourense de tren; antes do comezo das obras a veciñanza contaba cun paso peonil que conectaba os dous lados do núcleo de poboación, paso que foi eliminado durante as obras de renovación da liña.

Isto deixou veciñas e veciños sen unha forma factible de pasar ao outro lado da vía dificultando así as súas vidas enormemente. Ademais, Adif levantou unhas vallas metálicas sobre un muro de formigón, o que illa aínda máis a veciñanza do lugar.

Revélase cando menos curioso que Adif non ofrezca solución á veciñanza, algo que debería facer á maior brevidade posible sendo que esta situación pode ser verdadeiramente perigosa en caso de emerxencia. Se se dese un caso de inundación, algún tipo de urxencia médica ou mesmo un incendio nunha das casas a evacuación sería tremendamente dificultosa dado o grande traxecto que se debe facer para chegar dun lado ao outro de San Estevo do Sil.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Somos coñecedores aliás de que en Portugal non se están a fechar este tipo de pasos para a veciñanza que vive circunstancias similares, polo que non comprendemos esta decisión de Adif no caso de Galiza. É por todos estes motivos que solicitamos ao Goberno español e ao Ministerio de Transportes en concreto que poñan solución canto antes a este problema.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:

1. Dirixirse ao Goberno español para lle solicitar que, á maior brevidade posible, habilite un paso peonil en San Estevo do Sil, concello de Pantón, xa sexa soterrado ou ben elevado para permitir á veciñanza do núcleo poder transitar ao outro lado do núcleo de forma rápida evitando así o seu illamento causado polas obras levadas a cabo por Adif na liña de tren Lugo-Ourense.

2. Dirixirse ao Goberno español para que garanta a seguridade da veciñanza afectada polas obras.”

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Deputados do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 10/12/2024 12:19:13

Paulo Ríos Santomé na data 10/12/2024 12:19:20

Luis Bará Torres na data 10/12/2024 12:20:10





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Iglesias Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os/as socialistas de Galicia queremos facer fronte aos recortes e denunciar publicamente que a Consellería de Educación non está a cumprir coa asignación de profesores de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica, en moitos concellos de Galicia e nos concellos da Costa da Morte. A maioría destes recortes afectan a nenos e nenas con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

O Goberno galego, que ostenta a competencia exclusiva en materia de educación, ten a obriga de garantir a igualdade para todos os nenos e nenas, con ou sen necesidades educativas especiais. Con todo, mentres estas necesidades medran, os recursos non o fan ao mesmo ritmo, mantendo os niveis de hai 10 anos.

A atención a diversidade é fundamental, pero as nais e pais atópanse sempre cunhas medidas esquecidas e ás que só podemos socorrernos ante as carencias dos cativos e as cativas.

Segundo a asociación Paseniño e as ANPAS de Cee, Laxe, Sardiñeiro, O Pindo e Muxía, os centros educativos están a verse especialmente afectados polos recortes, que repercuten directamente na calidade educativa dos seus fillos e das súas fillas.





As familias asegúranos que a situación é insostible, especialmente tendo en conta, por exemplo, que non se cumpre a normativa actual na que ningún curso que tivese entre 20 e 25 alumnos/as no curso pasado podía ter máis dos que tiña. Que tanto o alumnado repetidor como o alumnado con discapacidade recoñecida conta de maneira especial nestas ratios.

O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ten dereito a unha educación inclusiva e de calidade, tal e como se recolle na Orde de 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, publicado no Diario Oficial de Galicia o 26 de outubro de 2021. O que obriga á Xunta de Galicia, con competencias exclusivas en materia educativa, a dotar aos centros educativos dos medios humanos e materiais necesarios para atender ao alumnado con necesidades especiais. Mais o Goberno galego incumpe esa obriga legal. E non é esta unha afirmación teórica, senón unha realidade.

No DOG do 26 de outubro publícase a orde que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. O capítulo V trata sobre os recursos necesarios para garantir a equidade e a inclusión, considerando tanto os recursos de tipo material como os de tipo profesional. Cos recortes en horas de A.L (Audición e Linguaxe) ou que o docente teña que ser compartida con ata 3 centros educativos, non están a cumprir os dereitos dos nenos e nenas da Costa da Morte.

Só na comarca de Bergantiños, e circunscribindonos ao presente curso escolar, atopamos casos que xustifican esta afirmación. Carencias na atención á diversidade afloraron no CEIP Canosa-Rus (Coristanco), no Agra de Leborís (A Laracha) ou no Centro Público Integrado Cabo da Area (Laxe). Mais tamén no CEIP Bergantiños.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 15406
Data envío: 10/12/2024 16:21:47,223

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a atender as necesidades do CEIP Bergantiños de Carballo adoptando canto antes as seguintes medidas:

1. Reforzar o equipo de orientación á diversidade coa incorporación de mestras e mestres de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica en número suficiente para garantir a atención á diversidade.
2. Incluír este centro no programa PROA+, se o centro reúne os requisitos esixidos.
3. Incorporar un/unha segundo orientador/a.
4. Dotar o centro dun Grupo de Adquisición de Linguas, con asignación do profesorado necesario.

Santiago de Compostela, a 10 de decembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 10/12/2024 16:09:48

Julio Abalde Alonso na data 10/12/2024 16:09:58

Silvia Longueira Castro na data 10/12/2024 16:10:08

José Ramón Gómez Besteiro na data 10/12/2024 16:10:18

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

53202

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Elena Espinosa Mangana, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a xuño 2024.

E con estes datos na man, ponse de manifesto que é un dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e moi especialmente en determinadas especialidades na área sanitaria de Vigo.

Ademais os datos das listas de espera en cirurxía e de consultas, nesta área, empeoraron, dende os publicados en decembro do 2023.

Pero é significativo que o máximo responsable de sanidade en Galicia, antes pedía dar “importancia relativa” ás listas de espera e que na súa opinión o importante son “os resultados que teñen esas listas de espera na saúde dos pacientes”. E agora o achaca, entre outras cousas o aumento da demanda e a lonxevidade.

Ninguén dubida do bo facer das persoas profesionais da medicina que moitas veces, o seu labor vai máis aló do que realmente lle corresponde, manteñen a calidade a pesar das deficiencias organizativas.





Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades e unha infinidade.

Estamos pois, ante unha cronificación non dunha enfermidade, senón dun problema ao que non se quixo poñer remedio a tempo e agora se converteu nun gran problema, o que xera queixas fundamentadas por parte das e dos pacientes e familiares.

E converteuse nun gran problema, porque non existiu nin existe planificación nin xestión para estar á altura das circunstancias que necesitan as persoas usuarias da sanidade pública.

E os datos das listas de espera, poñen ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Poñer en marcha un plan que leve a rebaixar o tempo de espera nas consultas no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.
2. Poñer en marcha un plan que leve a rebaixar o tempo de agarda para cirurxías no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

Santiago de Compostela, a 10 de decembro do 2024

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2024 18:19:21
Nº Rexistro: 15420
Data envío: 10/12/2024 18:19:21.378

Elena Espinosa Mangana na data 10/12/2024 18:09:51

Silvia Longueira Castro na data 10/12/2024 18:11:23

Carlos López Font na data 10/12/2024 18:11:37

José Ramón Gómez Besteiro na data 10/12/2024 18:12:29

CSV: B0P5TRBQ-2a7C@X@n-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

53205

@PSdeG



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Borja Vereza Fraiz, Cristina Sanz Arias, María Deza Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Miguel Fidalgo Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde e Miguel Ángel Viso Diéguez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

Exposición de Motivos

O 2 de decembro finalizou a moratoria para a entrada en vigor do Decreto 933/2021, de 26 de outubro, que introduce novas esixencias en materia de rexistro de información que se aplican ás empresas de hospedaxe e de aluguer de vehículos.

A normativa estatal amplía a obriga de recollida de datos persoais dos clientes dos aloxamentos, que pasan de ser 10 a medio centenar, e establece que deben ser introducidos nunha plataforma informática coñecida popularmente como “rexistro de viaxeiros”.

Estas novas esixencias tradúcese nunha sobrecarga de traballo para os profesionais do sector, ao requirir tempo extra no procedemento habitual de entrada e rexistro dos viaxeiros (*check in*) e pola necesidade de implantar medidas de seguridade na recollida e custodia de datos, que non son estritamente de carácter turístico.

Cómpre lembrar que estas obrigas son de aplicación a todas as tipoloxías de aloxamentos de hospedaxe, desde as vivendas de uso turístico ata os albergues, sen importar as características concretas ou os tempos de estancia.

Tamén inflúen de maneira importante nas axencias de viaxe, e neste senso, tanto a Confederación Española de Axencias de Viaxe (CEAV), como FETAVE (Federación Empresarial de Asociacións Territoriais de Axencias de Viaxe Españolas) amosáronse en contra da normativa.

Facéndose eco das inquedanzas do sector o Parlamento de Galicia aprobou un acordo, a pasada lexislatura, a instancias do Grupo Popular, que demandaba ao Goberno de España a necesidade de revisar o Decreto estatal e a estudar e consensuar co conxunto do sector afectado as posibles modificacións do mesmo.



Dado que a nova normativa vai a desprezar todos os seus efectos sen que ese consenso se teña producido, cómpre reiterar a necesidade da súa modificación e a pertinencia de flexibilizar as novas obrigas que impón, garantido que se respecten os principios de transparencia e de protección de datos.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei :

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reiterar ante o Goberno de España a necesidade dunha modificación urxente do Real Decreto 933/2021 e, previa consulta e consenso co sector, revisar o mesmo flexibilizando as esixencias que contén para evitar que se dificulte a xestión do procedemento de rexistro dos viaxeiros en establecementos de hospedaxe e para garantir que se respecte a normativa vixente sobre protección de datos e o principio de transparencia”

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 10/12/2024 18:42:33

Borja Vereza Fraiz na data 10/12/2024 18:42:45

Cristina Sanz Arias na data 10/12/2024 18:43:11

María Deza Martínez na data 10/12/2024 18:43:23

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/12/2024 18:43:43

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 10/12/2024 18:43:49

Ángel Rodríguez Conde na data 10/12/2024 18:43:55

Miguel Fidalgo Iglesias na data 10/12/2024 18:44:07

Rubén Lorenzo Gómez na data 10/12/2024 18:44:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 15429
Data envío: 10/12/2024 18:48:16.280

María Felisa Rodríguez Carrera na data 10/12/2024 18:44:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: B6PISJTBQ3J6GMBaX-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a mellora do transporte público para as comarcas de Celanova e Baixa Limia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As comarcas de Celanova e Baixa Limia dende hai décadas levan arrastrando un importante problema de comunicación. A vertebración do territorio nunca beneficiou a esta zona do suroeste de Ourense, xa que a diferenza doutras zonas, non conta con servizo de ferrocarril, polo que o transporte público se limita ao transporte por estrada que neste caso é competencia da Xunta.

Para moitas persoas que viven nestas comarcas é fundamental un transporte público axeitado que permita conectalas coa capitalidade e así ter acceso a servizos como o tren para ir ata outras vilas e cidades, para poder estudar na universidade ou en centros de formación profesional ou asistir a consultas médicas centralizadas, cada día máis, no CHUO.

Na actualidade, de luns a venres, a conexión dende Bande a Ourense só conta con 2 frecuencias, ás 8,00 e ás 16,00 horas; igualmente no sentido inverso, a liña Ourense- Bande só ten servizo ás 13,00 e ás 20,00 horas. As fins de semana, existen similares frecuencias, pero nos días festivos, como o próximo mércores 25 de decembro, non haberá ningún bus entre estas comarcas. Aínda peores son as conexións





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de concellos como Lobios ou Entrimo que a maiores de ter que facer transbordo en Bande, quedan varios días a semana totalmente dependentes da rede de transporte escolar.

Non mellora a situación entre Ourense e Celanova, xa que a pesar de ter unha frecuencia a maiores, esta é ás 13,50 h, é dicir, conta con dous servizos entre as 13 e as 14 horas e outro ás 20,00 horas, carecendo de cobertura algunha noutras franxas horarias. O mesmo pasa no sentido inverso, habendo dous servizos entre as 8,00 e as 9,30 horas, e unicamente outro ás 16,30 horas non permitindo o regreso de Celanova a Ourense a partir desa hora.

O argumento da baixa demanda non é válido na medida en que esta demanda vai en relación directa coas carencias actuais do servizo.

Estes horarios son insuficientes, máis tratándose de vilas cunha poboación avellentada, onde moitas das persoas maiores non dispoñen de transporte propio e se ven obrigadas a depender de familiares ou veciños para acudir á cidade.

Ao mesmo tempo, a baixa frecuencia nas liñas de autobús aféctalle a moitas das rapazas e rapaces que cada semana se desprazan fora para estudar e non dispoñen de transporte propio, ou mesmo para persoas que precisan coller o tren de alta velocidade a outras zonas do país ou do Estado.

En moitos casos esta dependencia dáse mesmo dentro dos nosos pobos, cando, cunha poboación dispersa como a nosa, alguén precisa acudir ao centro de saúde, ao supermercado ou ao Concello; a ausencia de transporte público municipal -competencia dos distintos concellos – agrava as limitacións á mobilidade que padece a cidadanía destas comarcas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aumentar a frecuencia dos horarios non só melloraría a vida dunha boa parte da veciñanza destas comarcas, senón que a ampliación de liñas e frecuencias, en horarios acaídos, permitiría a posibilidade de residir nas comarcas e traballar ou estudar fora delas co que facilitaría (permitiría) o asentamento de poboación nelas.

As liñas de transporte concesionadas pola Xunta de Galiza en absoluto solucionan os problemas de comunicación viaria, polo que existe unha importante e crecente preocupación veciñal ao respecto deste servizo de transporte entre os concellos de Celanova e a Baixa Limia con Ourense.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a mellorar a situación actual do transporte público nas comarcas de Celanova e Baixa Limia, co obxectivo de acadar, cando menos:

- a) Un aumento das frecuencias diarias entre Ourense, Celanova e Bande, adaptando os horarios ás necesidades das usuarias e permitindo a súa utilización diaria para desprazamentos ao posto de traballo.
- b) Crear reforzos de frecuencias os venres e domingos pola tarde, no dobre sentido Bande-Ourense, ao se producir nos últimos anos un aumento de demanda de estudantes e traballadoras que se desprazan dende Ourense na fin de semana.
- c) Establecemento de servizos os días festivos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

d) Mellora das redes intermunicipais e as súas conexións coas cabeceiras de comarca, especialmente en época non escolar, que permitan á poboación combinar con outras liñas principais cara Ourense.”

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Paulo Ríos Santomé

Deputados do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 11/12/2024 12:04:30

Paulo Ríos Santomé na data 11/12/2024 12:04:39

Luis Bará Torres na data 11/12/2024 12:05:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Falta de frecuencias suficientes para atender a demanda das usuarias, especialmente nos horarios e liñas con máis demanda.

- O intercambiador da Valexa non serve para resolver os problemas do servizo. A Valedora do Pobo remitiu á Consellaría de Presidencia unha carta indicando que, segundo a información desta propia Consellaría, os transbordos da Valexa incrementan un 22 % o tempo do traxecto, “nunha duración xa importante (54 minutos) tendo en conta que son 21 quilómetros”.

- Perda de frecuencias no corredor norte.

- Falta de coordinación horaria cando dúas liñas coinciden en puntos concretos.

- Falta de información actualizada e en tempo real sobre os servizos e atrasos.

- Modificacións dos horarios non comunicadas, o que representa un problema para poder usar o servizo de xeito rutineiro.

- Perigo de certos traxectos debido á gran cantidade de persoas que viaxan de pé.

- Ademais, é preciso facer unha revisión exhaustiva de todas as liñas e frecuencias, para adaptalas ás necesidades das usuarias actuais e incentivar que outras novas se incorporen ao uso do transporte público. Esta revisión debe ser flexíbel para adaptarse ás necesidades de cada tempada, e responder ás mudanzas da poboación, por exemplo.

- Non todas as liñas son igualmente rendíbeis, mais non se debe esquecer que estamos a falar dun servizo público, que debe pór en primeiro lugar as necesidades da cidadanía, e non as das empresas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

